

ENCARGO Á FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA RESPECTUOSO CO MEDIO AMBIENTE E COA SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A Universidade da Coruña (a partir de agora UDC) conta con máis de 50 edificios repartidos entre os campus da Coruña e de Ferrol. Para o correcto funcionamento das actividades desenvolvidas nos centros da UDC é precisa a prestación do servizo de limpeza respectuoso co medio ambiente e coa seguridade e saúde laboral. Ata o presente encargo, a UDC tiña contratado este servizo mediante licitación pública repartido en 17 expedientes.

SEGUNDO. Debido aos cambios docentes derivados tanto dos novos plans formativos como da variabilidade da matrícula anual do alumnado, a UDC precisa dun servizo de limpeza que conte con maior flexibilidade. Esta flexibilidade cobra maior importancia polos cambios relativos á estrutura do PAS para lle dar servizo ao colectivo PDI, que cada vez afronta maiores retos na actividade investigadora.

Hai que resaltar que tras a crise da COVID19 somos cada vez máis conscientes das incertezas futuras, polo que a crise enerxética en que nos atopamos actualmente provoca que esta flexibilidade se converta nunha necesidade perentoria.

TERCEIRO. O artigo décimo terceiro dos Estatutos da Fundación da Universidade da Coruña (a partir de agora FUAC) establecen que é un medio propio instrumental e un servizo técnico da UDC, e a relación da FUAC coa UDC considérase, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, e artículase a través de encargos, de conformidade co previsto na Lei de contratos do sector público (LCSP).

CUARTO. A FUAC desde a súa creación, en 1997, vén desenvolvendo iniciativas e acumulando experiencia con entidades públicas e privadas, a nivel autonómico, estatal e europeo, polo que ten a capacidade e os recursos axeitados para impulsar a transferencia de coñecemento da UDC e apoiar a xestión dos grupos e os servizos da UDC.

A FUAC dispón das condicións necesarias para prestar o servizo de limpeza:

- O artigo 9.e).1 dos seus estatutos establece, como parte do seu obxecto fundacional, a limpeza interior ou exterior, a hixienización, o acondicionamento e o transporte, o tratamento e a eliminación dos residuos derivados destas actividades, de conformidade coa normativa en vigor e no ámbito amplo das infraestruturas e instalacións da UDC.
- Entre as actividades económicas rexistradas da FUAC está, na epígrafe do IAE 922.
- Dispón dunha axeitada estrutura organizativa para levar a cabo as actividades de xestión económica, administrativa e de persoal, así como para realizar un detallado seguimento e control da actividade.

QUINTO. Co fin de lograr a prestación dun servizo de limpeza eficaz, respectuoso co medio e que garanta un contorno adecuado para o desenvolvemento normal das actividades da UDC, encárgaselle á FUAC a xestión do servizo de limpeza de acordo coas seguintes

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
GiKxW3vdp/uBC8U99IDDbQ==	Asinado	10/07/2023 11:26:02
Asinado Por	Páxina	1/7
Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso		
Observacións		
Url De Verificación		https://sede.udc.gal/services/validation/GiKxW3vdp/uBC8U99IDDbQ==
Normativa		Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Este encargo baséase no artigo 32 da LCSP, por tanto, ten un carácter obrigatorio para a FUAC, que o deberá aceptar e executar conforme ás instrucións técnicas, administrativas e académicas da UDC para a interpretación dos traballos encomendados e o seguimento destes.

SEGUNDA. A competencia seguirá sendo da UDC, que será a que estableza as tarifas, a apertura, o uso e a afluencia das instalacións, así como a normativa dos centros. A FUAC unicamente se encargará da súa xestión diaria e da actividade operativa da limpeza.

As tarefas obxecto deste encargo que debe realizar a FUAC, así como os requisitos para as desenvolver, son as de prestar un servizo integral de limpeza respectuoso co medio ambiente e coa seguridade e saúde laboral e achegar os medios humanos, técnicos, materiais e organizativos para unha prestación correcta deste encargo.

TERCEIRA. A responsabilidade do encargo recaerá na Xerencia da UDC que poderá nomear un/unha interlocutor/a coa FUAC. Establécese como dirección da execución do encargo a Xerencia da FUAC, que será, por tanto, a responsable da execución técnica, administrativa e económica do encargo.

CUARTA. O pagamento da cantidade estipulada realizarase tras a xustificación das tarefas executadas e a certificación do gasto realizado.

Haberá unha tarifa pola cal a UDC pagará por esta xestión. Haberá unha liquidación, posto que o encargo non pode supor custo para a FUAC, que se fará ao final de cada exercicio económico co resumo de gastos directos e indirectos que figuran no anexo.

Mensualmente, a FUAC enviará unha certificación parcial do número de horas executado comparado co número de horas previsto para lle solicitar o pago á UDC. A UDC aboará mensualmente a cantidade que resulte de aplicar a tarifa vixente co número de horas realmente executado.

A UDC establecerá un sistema de control horario para garantir a execución do servizo nos centros estipulados. A FUAC deberá presentar nas certificacións este control horario.

Consideraranse posibles anticipos a favor da FUAC mediante unha solicitude previa por escrito para garantir a correcta prestación do servizo. Estes anticipos serán descontados da certificación anual.

As certificacións incluirán:

Gastos directos

A FUAC presentará os gastos directamente soportados para a execución do encargo, entre os que destacan:

- o gasto real do persoal directo de execución do encargo
- o gasto de material funxible e dos produtos de limpeza
- o gasto do persoal coordinador do encargo
- os gastos directos de amortización de investimentos relacionados directamente co encargo
- os gastos das subcontratas e das asesorías precisas
- calquera outro gasto, indemnizacións do persoal ou continxencia directa do servizo

Terase en conta, en todo momento, o convenio colectivo de aplicación do persoal asignado directamente pola FUAC ás tarefas de limpeza.

Gastos xerais

Dentro do cálculo da tarifa xa se tivo en conta un importe para os gastos indirectos da FUAC. Os custos indirectos imputados pola FUAC por estas tarefas non requirirán xustificación.

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
GiKxW3vdp/uBC8U99IDDbQ==	Asinado	10/07/2023 11:26:02
Asinado Por	Páxina	2/7
Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso		
Observacións		
Url De Verificación		https://sede.udc.gal/services/validation/GiKxW3vdp/uBC8U99IDDbQ==
Normativa		Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).



QUINTA. A FUAC presentará unha certificación económica como balance final de cada exercicio económico, dentro do mes de xaneiro seguinte. O dito balance final incluirá:

- Os gastos reais soportados segundo o que figura na cláusula cuarta.
- O remanente/déficit xerado ou acumulado polo cobramento da tarifa por hora establecido.
- Os anticipos recibidos, de ser o caso.
- A solicitude de emisión da nota de cargo para o reintegro dos remanentes ou, se houberse diferenza negativa, a compensación do déficit.

SEXTA. A UDC poderá realizar os labores de inspección, comprobación ou seguimento que considerar oportuno sobre a realización dos traballos do encargo. Para este efecto,

- A FUAC levará unha contabilidade analítica separada de ingresos e gasto directo, para o que establecerá os criterios operativos para a imputación que corresponder dos gastos xerais.
- A FUAC conservará todos os documentos xustificativos do gasto directo, que quedarán debidamente custodiados e á disposición da UDC, en canto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.

SÉTIMA. Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio para desenvolver as actuacións encomendadas, a FUAC empregará o galego, para o que utilizará para conformidade lingüística o Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

OITAVA. A realización do encargo non suporá a existencia dunha relación funcional nin laboral do persoal da FUAC dedicado ao encargo coa UDC.

NOVENA. É obriga da FUAC e da UDC publicar este encargo na súa páxina web e no correspondente perfil do contratante.

DÉCIMA. A execución deste encargo comezará o 1 de outubro de 2023.

A duración deste encargo será até o 31 de decembro de 2027, e o prazo máximo de xustificación de cada exercicio rematará o 31 de xaneiro do ano posterior á finalización de cada exercicio.

Este encargo de xestión poderá ser prorrogado por períodos anuais de xeito explícito por decisión do reitor sempre antes da finalización do período inicial ou dalgunha das súas prórrogas.

DÉCIMO PRIMEIRA. Correspóndelle á UDC, a través da Xerencia, de conformidade coa cláusula terceira, a interpretación do encargo, así como resolver as posibles discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

DÉCIMO SEGUNDA. A execución deste encargo de xestión implica o tratamento dos seguintes datos persoais por parte da UDC, datos identificativos do persoal, antigüidade, idade, grao de discapacidade e situacións persoais necesarias para a prestación correcta do servizo. No tratamento destes datos respectarase na súa integridade o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXP), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD).

O tratamento destes datos persoais terá a finalidade prevista neste encargo de xestión, que é a prestación do servizo de limpeza respectuoso co medio ambiente, a seguridade e a saúde laboral. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD.

Como se indica na Cláusula 1ª deste encargo de xestión, a FUAC seguirá as instrucións técnicas, administrativas e académicas da UDC para a interpretación dos traballos encomendados. Deste xeito, actuará como encargada do tratamento dos datos persoais a que necesitará acceder para desempeñar as súas funcións e cumprirá, por tanto, co que está previsto no artigo 28 RXP.

Código Seguro De Verificación	GiKxW3vdp/uBC8U99IDDbQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	10/07/2023 11:26:02
Observacións		Páxina	3/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GiKxW3vdp/uBC8U99IDDbQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



En consecuencia,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Encargarlle á FUAC as actuacións referidas no apartado segundo deste encargo, relacionadas coa prestación do servizo de limpeza respectuoso co medio ambiente, a seguridade e a saúde laboral.

SEGUNDO. O orzamento para as ditas actuacións financiarase con cargo á partida orzamentaria 1000.121A.22700. Se nalgún exercicio se superase o importe previsto no anexo das tarifas, a FUAC solicitaríalle previamente á UDC a tramitación urxente do correspondente suplemento de crédito. Se a liquidación final fose positiva, a FUAC ingresará o importe na conta xeral da UDC ou quedará a conta do exercicio seguinte.

As tarifas que se aplicarán serán as inicialmente previstas no cadro seguinte, tendo en conta que as tarifas propostas cobren os custos directos e indirectos, é dicir, o custo efectivo real da prestación do servizo por parte da FUAC. En cumprimento dos requisitos sinalados na lexislación vixente, o encargo está eximido do imposto sobre o valor engadido (IVE). Isto débese á modificación na Lei do imposto sobre o valor engadido introducida pola disposición final décima da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e que dispón que «Non estarán suxeitos ao imposto os servizos prestados en virtude dos encargos executados polos entes, organismos e entidades do sector público que ostenten, de conformidade co establecido no artigo 32 da LCSP, a condición de medio propio personificado do poder adjudicador que ordenara o encargo, nos termos establecidos no referido artigo 32».

TIPO DE CUSTO	CONCEPTO	IPC	2023-2024	2023-2025	2023-2026	2023-2027
				2,50%		
		SUBTOTAL				
MAN DE OBRA DIRECTA	SOLDOS E SALARIOS E SEGURIDADE SOCIAL	2.105.577,37 €	2.183.483,73 €	2.238.070,83 €	2.294.022,60 €	2.351.373,16 €
	PREVISIÓN DE SUBIDA CONVENIO	77.906,36 €				
CUSTOS ASOCIADOS AO SERVIZO	SUPERVISIÓN (1 % MOD)	21.834,84 €				
	MATERIAIS DE CONSUMO (3,5 % MOD)	76.421,93 €				
	VESTIARIO	14.701,50 €				
	SUBMINISTRACIÓNS ASEO (2,5 % MOD)	66.050,38 €				
	AMORTIZACIÓN MAQUINARIA	15.000,00 €	240.744,90 €	246.763,52 €	252.932,61 €	259.255,93 €
	CONTEDORES DESTRUCCIÓN DOCUMENTAL	7.411,25 €				
	SERVIZO DDD	21.175,00 €				
	PREVENCIÓN E OUTROS SERVIZOS	18.150,00 €				
CUSTOS ASOCIADOS Á FUAC	PERSONAL DE COORDINACIÓN	60.000,00 €				
	PERSONAL SUPERVISIÓN	53.200,00 €	272.697,64 €	279.515,08 €	286.502,96 €	293.665,53 €
	GASTOS INDIRECTOS	159.497,64 €				
	TOTAL		2.696.926,27 €	2.764.349,43 €	2.833.458,17 €	2.904.294,62 €
	HORAS ANO SOLICITADAS EFECTIVA		144,841	144,841	144,841	144,841
	PREZO HORA		18,62 €	19,09 €	19,56 €	20,05 €

Na data da sinatura dixital

O reitor

Código Seguro De Verificación	GiKxW3vdp/uBC8U99IDDbQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	10/07/2023 11:26:02
Observacións		Páxina	4/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GiKxW3vdp/uBC8U99IDDbQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO I-MEMORIA TARIFAS**INFORME DE TARIFAS APLICABLES PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA RESPECTUOSO CO MEDIO AMBIENTE, SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL NOS EDIFICIOS E LOCAIS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Servizos prestados na súa condición de medio propio personificado da Universidade da Coruña

Exercicio 2023

1. MARCO XURÍDICO

A Fundación Universidade da Coruña (a partir de agora FUAC), constituída o 24 de marzo de 1997, é unha organización privada de natureza fundacional que carece de ánimo de lucro e ten como finalidade de interese xeral colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da Universidade da Coruña (a partir de agora UDC) para contribuír a exercer con eficacia as funcións que a institución ten asignadas.

A FUAC, polos seus Estatutos, ten como fins fundacionais entre outros:

- Colaborar coa Universidade da Coruña en cantas actuacións se promoveren para lograr a súa consolidación e o desenvolvemento plenos.
- Cantas outras actividades vinculadas á comunidade universitaria, a nivel local, autonómico, estatal ou internacional, tendan a dar debido cumprimento e desenvolvemento aos fins fundacionais, relacionadas coa cultura, a ciencia, a tecnoloxía, a educación, a formación, a investigación, o emprego, a acción social ou a cooperación ao desenvolvemento, e destinadas preferentemente á comunidade universitaria e a sectores da poboación como a mocidade, as persoas maiores, as mulleres, as persoas desempregadas, os/as emigrantes retornados/as, os/as inmigrantes, persoas discapacitadas e outros colectivos, co fin de favorecer a igualdade de oportunidades, as relacións universidade-empresa e o desenvolvemento económico e social de toda a poboación.

Conforme ao que establece o artigo 32 da LCSP, a FUAC constitúe un medio propio da UDC, segundo consta expresamente no artigo 13 dos seus Estatutos, polo que quedarán excluídos do ámbito de aplicación das ditas leis os encargos que a FUAC reciba da UDC e que sexan de execución obrigatoria. Para estes efectos, as relacións da FUAC co poder adjudicador, do que é medio propio, ten natureza instrumental e non contractual, e articularase a través dos encargos previstos no citado artigo 32 da LCSP.

As actuacións executadas pola UDC a través do seu medio propio personificado materialízanse mediante encargos de xestión, cuxa natureza xurídica é distinta á propia dun contrato administrativo e, por tanto, quedan excluídos do ámbito da aplicación da LCSP.

A FUAC cumpre cos requisitos que recolle o artigo 32 da LCSP.

As tarifas deberanlle asegurar á entidade pública encomendante a eficacia na execución do encargo, é dicir, unha mellor execución da prestación, de forma que a atribución ao

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
GiKxW3vdp/uBC8U99IDDbQ==	Asinado	10/07/2023 11:26:02
Asinado Por	Páxina	5/7
Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso		
Observacións		
Url De Verificación		https://sede.udc.gal/services/validation/GiKxW3vdp/uBC8U99IDDbQ==
Normativa		Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).



medio propio implique un valor engadido, susceptible de apreciación ou avaliación cuantitativa e/ou cualitativa. Este valor engadido pode derivar dun especial coñecemento da contorna universitaria ou dunha mellor organización para a execución da prestación, circunstancias estas que poden determinar unha maior eficiencia na realización da prestación encargada. Por iso, a xustificación da eficiencia na tramitación dun encargo pode responder a varias circunstancias, como o aforro económico, a mellor execución da prestación, a flexibilidade na organización do traballo, a dispoñibilidade ou por razóns de urxencia, entre outras.

2. TARIFAS DA FUAC PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA RESPECTUOSO CO MEDIO AMBIENTE, SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL NOS EDIFICIOS E LOCAIS DA UDC.

2.1. Proceso de elaboración das tarifas

Para elaborar as tarifas utilizouse como base un estudo técnico e económico realizado por un consultor independente con experiencia na licitación de servizos de limpeza en universidades públicas, para avaliar as diferentes opcións da prestación do servizo.

Os estudos realizados abarcan os edificios e os locais da UDC situados nos campus de Coruña e de Ferrol, para o que se utilizaron os datos do persoal que se subrogará, entregados polas actuais empresas prestatarias do servizo.

Tamén é necesario ter en conta o tipo de servizo que se prestará, que consiste en preparar os espazos en que se desenvolven diferentes actividades para os manter en correcto estado de decoro e hixiene.

2.2. Estrutura xeral, criterios e procedemento de cálculo da tarifa

O procedemento de cálculo das tarifas baséase no estudo dos custos previstos, utilizando como base de cálculo os datos do histórico de custo do servizo e a dimensión do servizo que se prestará, tendo en conta a diferente tipoloxía de edificios e as súas necesidades de limpeza.

O primeiro paso para o cálculo da tarifa foi determinar o número de horas do persoal actual do servizo que se subrogará.

Posteriormente, analizáronse as novas necesidades da UDC, tendo en conta a tipoloxía dos edificios, a afluencia de estudantes, as actividades investigadoras, as datas de peche de centros e as novas dinámicas establecidas no plan estratéxico de medidas de aforro enerxético.

Desta forma, as tarifas obtéñense a partir do cálculo dos custos, directos e indirectos para, posteriormente, repartilo entre as horas que se precisan en cómputo anual para garantir un servizo que cubra as necesidades da UDC.

Para realizar a análise e a proxección de custos tivéronse en conta, entre outros, os seguintes factores:

- a xornada semanal

Código Seguro De Verificación	GiKxW3vdp/uBC8U99IDDbQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	10/07/2023 11:26:02
Observacións		Páxina	6/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GiKxW3vdp/uBC8U99IDDbQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- os salarios por convenio
- as cotizacións á Seguridade Social
- o absentismo previsto
- o cadro de persoal dispoñible que debe asumir a FUAC, segundo a obriga de subrogación prevista nos convenios colectivos provinciais do sector
- a revisión salarial prevista
- a cantidade destinada a arrendamento de equipos para traballos en altura
- a cantidade e a tipoloxía dos equipos destinados a investimentos
- o custo da antigüidade do persoal
- os custos de investimento e financiamento do investimento
- a porcentaxe do custo de produtos de limpeza, outros materiais e útiles e consumibles hixiénicos en relación coa man de obra
- unha porcentaxe estimada de gastos xerais ou estrutura
- o custo da asesoría laboral legal
- o custo da xestoría laboral
- o custo de subcontratación DDD (desratización, desinsectización e desinfección)
- o custo do servizo de prevención alleo

2.3. Cálculo das tarifas

Como referencia para determinar as tarifas, emprégase a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2075/2014, do 6 de novembro, pola que se establecen os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais.

Así, podemos distinguir entre man de obra directa, os custos asociados ao servizo e os custos asociados á xestión da FUAC.

Para realizar o cálculo das tarifas sobre o importe da tarifa por hora tómase como base de cálculo a proxección da anualidade correspondente a 2023, por ser o exercicio en que se dispón de salarios actualizados. Sobre esta base determínase a tarifa hora:

		IPC	2,50%			
TIPO DE CUSTO	CONCEPTO	SUBTOTAL	2023-2024	2023-2025	2023-2026	2023-2027
MAN DE OBRA DIRECTA	SOLDOS E SALARIOS E SEGURIDADE SOCIAL	2.105.577,37 €	2.183.483,73 €	2.238.070,83 €	2.294.022,60 €	2.351.373,16 €
	PREVISIÓN DE SUBIDA CONVENIO	77.906,36 €				
	SUPERVISIÓN (1 % MOD)	21.834,84 €				
CUSTOS ASOCIADOS AO SERVIZO	MATERIAIS DE CONSUMO (3,5 % MOD)	76.421,93 €				
	VESTIARIO	14.701,50 €				
	SUBMINISTRACIÓN ASEO (2,5 % MOD)	66.050,38 €				
	AMORTIZACIÓN MAQUINARIA	15.000,00 €	240.744,90 €	246.763,52 €	252.932,61 €	259.255,93 €
	CONTEDORES DESTRUCCIÓN					
	DOCUMENTAL	7.411,25 €				
	SERVIZO DDD	21.175,00 €				
	PREVENCIÓN E OUTROS SERVIZOS	18.150,00 €				
CUSTOS ASOCIADOS Á FUAC	PERSOAL DE COORDINACIÓN	60.000,00 €				
	PERSOAL SUPERVISIÓN	53.200,00 €	272.697,64 €	279.515,08 €	286.502,96 €	293.665,53 €
	GASTOS INDIRECTOS	159.497,64 €				
TOTAL		2.696.926,27 €	2.696.926,27 €	2.764.349,43 €	2.833.458,17 €	2.904.294,62 €
HORAS ANO SOLICITADAS EFECTIVA		144.841	144.841	144.841	144.841	144.841
PREZO HORA		18,62 €	18,62 €	19,09 €	19,56 €	20,05 €

O custo resultante para o primeiro ano de actividade prevese en 18,62 euros/hora.

3. Aplicación, vixencia e revisión da tarifa

As tarifas serán obxecto de revisión con carácter anual, ao inicio de cada ano natural, ou de maneira extraordinaria cando concorran circunstancias de variabilidade de prezos de mercado ou de cambios substanciais na estrutura de custos da FUAC que así o aconsellen, por medio do Padroado e de acordo co mesmo procedemento seguido para a súa aprobación.

Código Seguro De Verificación	GiKxW3vdp/uBC8U99IDDbQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	10/07/2023 11:26:02
Observacións		Páxina	7/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GiKxW3vdp/uBC8U99IDDbQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

